

DOMINGO XXXIII ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Mal 3, 19-20a

Lectura do libro de Malaquías

Velaí chega o día: abrasará coma un forno, e os soberbios e tódolos que cometen a maldade serán palla. Si, o día que chega será a vosa queima -fala o Señor dos Exércitos-: non vos deixará raíz nin ponla. Brillará para vós, os que respectáde-lo meu Nome, un sol de xustiza, que trae saúde nas súas ás.

SALMO RESPONSORIAL Sal 97, 5-6. 7-8. 9a. 9bc

R/. (cf. 9): O Señor vén xulga-los pobos con rectitude.

Tocade para o Señor a cítara,
a cítara e tamén o salterio;
con claríns e co son das trompetas
aclamade o Señor, noso rei.

Resoe o mar e canto o enche,
o mundo e cantos o habitan;
aplaudan os ríos,
alédense os montes.

Diante do Señor,
que vén para rexe-la terra.
El rexerá o mundo con xustiza
e os pobos con rectitude.

SEGUNDA LECTURA 2 Tes 3, 7-12

Lectura da segunda carta do Apóstolo San Paulo ós Tesalonicenses

Irmáns: Ben sabedes vós de que modo debedes imitarnos, xa que non nos dedicamos a andar sen xeito nin comemos de moca o pan de ninguén, senón que traballamos noite e día con esforzo e fatiga por non sermos unha carga para ningún de vós. Non porque non tivesemos dereito, senón para vos dar un exemplo que imitar, e porque, cando estabamos onda vós, xa vos demos esta norma: o que non queira traballar, que tampouco coma. Porque chegou ós nosos oídos que algúns de vós andan descamiñados e por riba de non traballaren nada, entremétense nas cousas dos demais. A eses mandámoslles e aconsellámoslles no Señor Xesús Cristo que traballen con acougo para comeren o seu propio pan.

EVANXEO Lc 21, 5-19

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, comentaban algúns a fermosa cantería con que estaba construído o templo, e os exvotos que o adornaban. Pero Xesús díxolles: - Todo isto que estades a contemplar, días virán nos que o derrubarán ata que non quede pedra sobre pedra. Eles preguntáronlle: - Mestre, dinos, ¿cando van pasar estas cousas? ¿Cal será o signo de que van suceder? El empezoulles a dicir: - Estade atentos, para non vos extraviar. Porque han vir moitos no meu nome, dicindo: "son eu" e "está a chega-lo momento", pero non os sigades. Cando oiades falar de guerras e desordes, non vos asustedes; que iso ten certamente que acontecer primeiro, pero aínda non será a fin.

Entón díxolles: - Erguerase pobo contra pobo, reino contra reino; haberá grandes terremotos, pestes e fames en diversos lugares; cousas espantosas, e grandes sinais no ceo. Pero antes de todo isto botaranse sobre vós, perseguíndovos: levaranvos ás sinagogas e á cadea, ante reis e gobernadores por causa miña; así teréde-la oportunidade de dar testemuño. Metede ben na cabeza que non tedes que preocuparvos pola vosa defensa, que eu vos darei unha elocuencia e mais unha sabedoría que non poderán resistir nin replica-los vosos adversarios. Entregaránvos vosos mesmos pais, irmáns, parentes e amigos. Mataránvos a algúns de vós, e todos vos aborrecerán por causa miña, e mais non perderedes nin un pelo da vosa cabeza. Coa vosa perseverancia, salvaréde-las vosas vidas.